



Xaneiro/Febrero 2009

Boletín nº 3

NOVAS:

Regulación de materias no ámbito da contratación pública na Lei de Orzamentos de Galicia para 2009

DE INTERESE:

Comunicación 1/2009 da XXXA sobre presentación telemática de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos ... 4

OUTROS DESTACADOS:

Informes da Junta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado.....2

Informes doutros órganos consultivos...6

Novas da UE5

ULTIMOS INFORMES DA XCCA-GALICIA

Informe 8/2008, do 30 de xaneiro de 2009, sobre definición da expresión “prezo primitivo do contrato” do artigo 160 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e 217.3 da Lei de Contratos do Sector Público. Tramitación da certificación final.

Requírese da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa en primeiro lugar un pronunciamento sobre si a expresión “prezo primitivo do contrato” recollida no artigo 160.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das

Administracións Públicas refírese exclusivamente ao prezo e adjudicación do contrato inicial ou débese considerar incluído o importe das modificacións autorizadas durante a execución do mesmo. Así mesmo se solicita

ditame sobre a procedencia no pagamento dunha “certificación final complementaria”.

Pódese consultar o informe en: [INFORME 8/08 XCCA-GALICIA](#)

Informe 9/2008 de 30 de xaneiro de 2009, sobre consulta sobre a procedencia de acto de apertura pública nos procedementos negociados sen publicidade.

Solicítase da XCCA pronunciamento sobre a constitución de Mesa de contratación nos procedementos

negociados sen publicidade e sobre a existencia de facer acto público de apertura das ofertas

presentadas.

Pódese consultar o informe en: [INFORME 9/08 XCCA-GALICIA](#)

LEI DE ORZAMENTOS DE GALICIA PARA 2009

A Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, regula os aspectos seguintes en materia de contratación:

Artigo 37.1.- Intervención limitada (gastos menores)

A contía á que se refire o artigo 97.1º a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), queda establecida no importe fixado para os contratos menores de subministración na LCSP (**18.000 €**).

Artigo 40.- Autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gastos.

Requirirá autorización por parte do Consello da Xunta a tramitación de expedientes de contratación e de encomendas de xestión cando o importe do gasto sexa **superior a 4.000.000 euros**.

Artigo 44.- Encomendas de xestión

Regula que entidades teñen a consideración de medio propio da Xunta de Galicia, o sistema de determinación de tarifas e o importe correspondente aos gastos xerais e corporativos da entidade á que se lle realiza a encomenda (non superior ao 6% do importe da encomenda nas relativas a execucións de obras, e ao 10% nos demais casos, agás autorización expresa do Consello da Xunta logo do informe do órgano competente da Consellería de Economía e Facenda).



LEI DE ORZAMENTOS DE GALICIA PARA 2009 (ven de pax 1)

Disposición derradeira PRIMEIRA.- Modificación do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia

Modifícanse os puntos 1 e 3 do artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia relativos a compromisos de carácter plurianual e regula a retención adicional de crédito do 10 por 100 do importe de adxudicación no momento en que esta se realice para prever pagamento da certificación final.

O texto integra pódese consultar en [D.O.G. ORZAMENTOS 2009](#)



ULTIMOS INFORMES DA JUNTA CONSULTIVA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DO ESTADO

Informe 15/08, do 2 de decembro de 2008. Determinación de se un Concello pode ou non celebrar un convenio cunha sociedade en cuxo capital, integramente público, participa xunto con outras entidades locais, e cuxo obxecto parcial sería a execución dunha obra pública de titularidade municipal por parte da sociedade, con achega do financiamento correspondente»

[INFORME JCCA 15/08](#)

Informe 26/08, do 2/12/2008. Determinación de en que supostos debe considerarse que cando a Lei de Contratos do Sector Público fala de prezo, importe, valor estimado ou calquera dos distintos conceptos similares que utiliza para aludir ao aspecto cuantitativo dos contratos, inclúe a cota polo Imposto sobre o Valor Engadido e en qué supostos non».

[INFORME JCCA 26/08](#)

Informe 28/08, do 2/12/2008. Capacidade da Administración para prorrogar os contratos de servizos segundo os artigos 23.2 e 279 da Lei de Contratos do Sector Público».

[INFORME JCCA 28/08](#)

Informe 29/08, do 2/12/2008. Posibilidade de se a execución de diversos proxectos relacionados entre si a executar nunha mesma finca poden ser contratados de forma conxunta e, en tal sentido, adxudicados a un mesmo contratista».

[INFORME JCCA 29/08](#)

Informe 30/08, do 2/12/2008. Determinación de se a solicitude formulada por un dos licitadores nun procedemento de adxudicación dun contrato no

sentido de que sexa refugada a súa proposición por incorrer en erro ou inconsistencia debe ser necesariamente admitida pola Mesa de Contratación, aínda cando admitise como plenamente válida previamente a oferta. Consideración se a alegación de erro ao formulala debe considerarse sempre como causa xustificada para a retirada da proposición».

[INFORME JCCA 30/08](#)

Informe 39/08, do 2/12/2008. Determinación da validez do documento formulario que figura no expediente, que non foi solicitado polo concello ou a mercantil suíza. Determinación da xurisdición competente».

[INFORME JCCA 39/08](#)

Informe 41/08, do 2/12/2008. Redacción de proxectos. Innecesariedade de visado de colexios profesionais e non vinculación do prezo a tarifas oficiais».

[INFORME JCCA 41/08](#)

Informe 42/08, do 2/12/2008. Determinación do destinatario dun servizo de recadación establecido no prego de cláusulas polo que se rexe a adxudicación dun servizo de abastecemento de augas».

[INFORME JCCA 42/08](#)

ULTIMOS INFORMES DA JUNTA CONSULTIVA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DO ESTADO (Cont.)

Informe 50/08, do 2/12/2008. Determinación de cáles son os conceptos particulares que deben considerarse incluídos nos xenéricos “gastos xerais” e “beneficio industrial”».

[INFORME JCCA 50/08](#)

Informe 52/08, do 2/12/2008. Incompatibilidade da condición de concelleiro electo do Concello coa de administrador da compañía que subministra a enerxía eléctrica a devandito Concello. Abono das facturas emitidas ata o nomeamento do concelleiro».

[INFORME JCCA 52/08](#)

Informe 62/08, do 2/12/2008. Determinación de se a presentación das proposicións contractuais na licitación pública do contrato de servizos para o mantemento das instalacións dunha estación depuradora de augas residuais cando se prevé a valoración das ofertas en dúas fases (valoración das documentacións técnicas en primeiro lugar e do prezo, en segundo), debe facerse de forma que se manteña o segredo da oferta económica en sentido estrito, é dicir do prezo, ata o momento previsto nos pregos para a apertura do mesmo».

[INFORME JCCA 62/08](#)

Informe 70/08, do 2/12/2008. Proxecto de Orde regulando a creación da Junta de Contratación do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño».

[INFORME JCCA 70/08](#)

Informe 74/08, do 2/12/2008. Determinación se a Federación de Organismos ou Entidades de Radio e Televisión Autonómicas atópase incluída no ámbito subxectivo da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público e en qué concepto. Competencia para resolver o recurso especial en materia de contratación previsto no artigo 37 da mencionada Lei».

[INFORME JCCA 74/08](#)



DE INTERESE...

SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO (SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCION 4), DO 24 DE SETEMBRO DE 2008, SOBRE VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NO EMPREGO DUNHA FORMULA DE VALORACIÓN QUE FAVORECE E PUNTÚA TRES VECES MAIS OS TRABALLOS REALIZADOS DENTRO DUNHA COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE EN OUTRAS.

FUNDAMENTO DE DEREITO
CUARTO.-

(...) convén abordar xa o exame do motivo anticipando que o mesmo non pode prosperar. O art. 11.1 da Lei de Contratos dispuxo que: "Os contratos das Administracións Públicas axustaranse aos principios de publicidade e concorrência, salvo as excepcións establecidas pola presente Lei e, en todo caso, aos de igualdade e non discriminación". A consecución de que imperen na contratación das Administracións Públicas eses catro

principios que enumera o precepto se erixe na garantía esencial para que a obtención do interese público que constitúe a esencia deste tipo de contratos quede indemne, e dese modo as Administracións Públicas contraten con todas as *garantías* que lles son exixibles. A cláusula núm. 7 anulada pola Sala de instancia tal como redactouse en canto á fórmula a través da cal valorábase a experiencia vulnera polo menos dous deses principios, a saber, o da libre concorrência e o de


igualdade. Ou, se se quere, só o de igualdade en tanto que a libre concorrência constitúe co de publicidade un instrumento para lograr a igualdade na contratación, e evitar a outra cara da moeda que en relación coa igualdade constitúe a non discriminación. Por outra banda en relación coa afirmación do motivo de que tomar en consideración as obras similares executadas en Andalucía supón un criterio obxectivo dirixido a primar ás empresas que executen traballos

SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO (SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCION 4), DO 24 DE SETEMBRO DE 2008, SOBRE VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NO EMPREGO DUNHA FORMULA DE VALORACIÓN QUE FAVORECE E PUNTÚA TRES VECES MAIS OS TRABALLOS REALIZADOS DENTRO DUNHA COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE EN OUTRAS. (Cont.)

forestais análogos en territorio andaluz supón un criterio de natureza en materia de medio ambiente non pode asumirse. E non é posible aceptalo porque ese requisito que introduce a cláusula, e que prima cunha valoración claramente superior á que outorga ás empresas que acreditan un volume de obra similar realizado fóra da Comunidade Autónoma que convoca o concurso, non pode servir para excluír da invitación a empresas ás que dese modo elimínase da posible adxudicación posterior do concurso, porque de esa forma os criterios que contribúen a demostrar a solvencia técnica da empresa e, xa que logo, a asegurar á Administración a súa aptitude para a realización do contrato convértense en criterios que deciden

non sobre este requisito previo senón sobre a posterior adxudicación. Ese proceder vulnera o principio de libre concorrencia porque beneficia a unhas empresas fronte a outras impondo un requisito que serve para gozar de solvencia técnica que non está xustificada e que permite alcanzar con maior facilidade o limiar de puntuación preciso para ser invitado ao concurso, e en consecuencia vulnera o principio de igualdade e incorre en discriminación.
(...)

(RJ 2008/4570)



COMUNICACIÓN 1/2009, do 30 de xaneiro de 2009, DA XUNTA CONSULTIVA DE CONTRATACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, RELATIVA Á ENTRADA EN VIGOR DA ORDE DO 23 DE MAIO DE 2008 POLA QUE SE REGULAN OS PROCEDIMENTOS PARA A PRESENTACIÓN DE AVAIS ANTE A CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS DA XUNTA DE GALICIA EMPREGANDO MEDIOS ELECTRÓNICOS.



Pola Orde do 23 de maio de 2008 da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 115 do 16 de xullo de 2008) procedeuse a regular os procedementos para a presentación, cancelación e devolución telemática de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia.

Pódese consultar a norma en: [Orde da Consellería de Economía e Facenda de 23-5-08](#)

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, en sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2009, e dada a súa incidencia na contratación administrativa, considerou oportuno poñer en coñecemento da Administración da Comunidade Autónoma, organismos autónomos, universidades públicas, entes de dereito público, sociedades públicas e demais entes públicos dependentes ou vinculados á Comunidade Autónoma o contido da devandita Orde.

A norma regula o procedemento polo que as persoas ou entidades que precisen constituír unha garantía en documento de aval na Caixa Xeral de Depósitos poderán facelo acudindo as entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca que teñan subscrito convenio ao efecto coa Xunta de Galicia, e estas,

mediante tecnoloxías electrónicas autorizadas, xerarán os xustificantes que acrediten a constitución ou presentación dun aval ante a Administración Autonómica.

Este resguardo de constitución, xerado pola aplicación informática, contén ao pé un código seguro de verificación, que permite ao órgano comprobar en calquera momento a súa validez e vixencia a través da Oficina Virtual da Consellería de Economía e Facenda.

A norma tamén se ocupa de regular o réxime de cancelación e devolución dos avais presentados por medios electrónicos (Art. 6) e indica que cando a Caixa Xeral de Depósitos reciba por escrito o acordo de cancelación procederá a dar de baixa a garantía nos seus rexistros indicando tal incidencia á entidade avalista.

INCIDENCIA NA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA:

1º.- No que afecta á contratación administrativa indicar que este sistema só é válido para a constitución de garantías definitivas, non provisionais (Art. 2.2).

2º.- Deberá engadirse nos pregos de cláusulas administrativas particulares a indicación desta posibilidade de presentación de avais como sistema de constitución de garantía definitiva.

3º.- Se para acreditar a presentación do aval esixida no artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector público, o adxudicatario presenta o código de verificación do resguardo de constitución da garantía, os órganos de contratación deberán proceder á comprobación e verificación da devandita constitución na Oficina Virtual da Consellería de Economía e Facenda (trámites tributarios/servizos de acceso libre/catálogo de servizos/verificación de documentos).

4º.- Respecto a cancelación, e a salvo as facultades do Director Xeral de Política Financeira para ditar instrucións futuras de desenvolvemento da Orde, ante a previsión de que se deberá remitir á Caixa Xeral de Depósitos un escrito do órgano de contratación co acordo de cancelación para dar de baixa a garantía nos seus rexistros ou de incautación do seu importe, xúntanse como anexo á recomendación sendos modelos orientativos de formularios de cancelación e incautación de garantías.

Pódese consultar o texto en: [Comunicación 1/08 XCCA-Galicia](#)

**COMUNICACIÓN
1/2009, RELATIVA Á
ENTRADA EN
VIGOR DA ORDE DO
23/5/08 POLA QUE
SE REGULAN OS
PROCEDEMENTOS
PARA A
PRESENTACIÓN DE
AVAIS ANTE A
CAIXA XERAL DE
DEPÓSITOS DA
XUNTA DE GALICIA
EMPREGANDO
MEDIOS
ELECTRÓNICOS**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
DEPARTAMENTO DE
CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS

SOLICITUDE DE INCAUTACIÓN DE DEPÓSITO O GARANTÍA

Unha vez rematado o procedemento de realización do contrato que a continuación se cita, de firma do acto declarativo do obrigado e notificación ao interesado principal e o interesado avalista (segundo fórmulas que se acompañan), estando constituída garantía a favor desta entidade, SOLICITO A SEGUINTE INCAUTACIÓN:

DATOS DO DEPÓSITO OU GARANTÍA QUE SE SOLICITA INCAUTAR

MODALIDADE	
EFFECTIVO	
INCURSOS	
FONDOS DE REVERSION	
RAV	X
SEGURO DE CAUCIÓN	

TITULAR O PROPIETARIO PARA EFFECTIVO OU OBLIGADO GARANTE PARA RAVAL O SEGURO DE CAUCIÓN

RAV: [] RAVAL: [] NOME: [] RAZÓN SOCIAL: []

CONSTITUENTE O GARANTIZADO

RAV: [] RAVAL: [] NOME: [] RAZÓN SOCIAL: []

PRESENCIA DA GARANTÍA OU DEPÓSITO

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS

ORDEN DE CANCELACION DE GARANTIA

DATOS DA GARANTÍA QUE SE CANCELA

NUMERO DE REGISTRO	
MODALIDADE	
EFFECTIVO	
INCURSOS	
FONDOS DE REVERSION	
RAV	X
SEGURO DE CAUCIÓN	

TITULAR PROPIETARIO GARANTE

RAV: [] RAVAL: [] NOME: [] RAZÓN SOCIAL: []

CONSTITUENTE OU GARANTIZADO

RAV: [] RAVAL: [] NOME: [] RAZÓN SOCIAL: []

DEFECTO DA GARANTÍA

Forma definida para responder das obrigas derivadas do cumprimento das citras de:

AUTORIDADE A FAVOR DA QUE SE CONSTITUIU

RAV: [] RAVAL: [] NOME: [] RAZÓN SOCIAL: []

DATOS DA CANCELACIÓN

TOTAL: [] PARCIAL: []

INFORMES DOUTROS ÓRGANOS CONSULTIVOS

ARAGÓN:

Informe 27/2008, do 10 de decembro, sobre contratos de subministracións alimenticias para residencias xuvenís.
Posibilidade de utilizar o procedemento negociado sen publicidade en atención á súa natureza de bens perecedoiros e en contratos de contía non superior a 60.000 euros.
[Informe 27/2008](#)

Informe 29/2008, do 10 de decembro, sobre integración da solvencia do licitador con medios externos.
[Informe 29/2008](#)

BALEARES (en catalán)

Informe 4/2008, do 17 de decembro. Prohibicións de contratar.
Aplicabilidade do artigo 49.1 f da Lei de contratos do sector público
[Informe 4/2008](#)

Informe 5/08, do 17 de decembro de 2008. Alcance da suxeición do Instituto Balear da Vivenda (IBAVI) a la Lei de contratos do sector público
[Informe 5/2008](#)

Informe 7/08, do 17 de decembro de 2008. Cualificación de contratos. Carencia de lexitimación para solicitar o informe
[Informe 7/2008](#)

Informe 8/08, do 29 de xaneiro de 2009. Convenios. Contratos de servizos. Carencia de competencia para emitir o Informe
[Informe 8/2008](#)

ANDALUCIA

Recomendación 22/2008, do 22 de decembro de 2008, sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares que os Concellos e Deputacións poderán utilizar para a contratación das obras financiadas mediante o Programa de Transición ao Emprego da Junta de Andalucía (PROTEJA) aprobado polo Decreto-lei 2/2008, do 9 de decembro.
[Recomendación 22/2008](#)

Informe 19/2008, do 27 de novembro, sobre suxeición dunha Asociación á Lei de Contratos do Sector Público.
[Informe 19/2008](#)

Recomendación 1/2009, do 6 de febreiro, sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares que os Concellos e Deputacións poderán utilizar para a contratación das obras financiadas mediante o Programa de Transición ao Emprego da Junta de Andalucía (PROTEJA) aprobado polo Decreto-lei 2/2008, do 9 de decembro.
[Recomendación 1/2009](#)

Informe 1/2009, de 6 de febreiro, sobre a esixencia de clasificación nos contratos de obras establecida na disposición adicional sexta do Real Decreto-lei 9/2008, do 28 de novembro.
[Informe 1/2009](#)

PERIODO DE EMISIÓN DOS INFORMES:
DECEMBRO 08 a XANEIRO 09





Xunta Consultiva
de Contratación Administrativa

DIRECCIÓN:

Edificio Administrativo San
Caetano, bloque 3
15781 Santiago de Compostela

TELÉFONO:

(981) 544947

FAX:

(881) 999555

CORREO ELECTRÓNICO

XCCAGalicia@xuntaeco.org

WEB:

www.economiaefacenda.org



SUXERENCIAS E COLABORACIÓNS

As persoas interesadas en
publicar neste boletín artigos
relacionados coa materia de
contratación pública ou
comunicar algunha suxestión
sobre contidos poden facelo a
través do correo

XCCAGalicia@xuntaeco.org

(edición pechada o 26/12/08)

NOVAS DA UNIÓN EUROPEA

A situación de crise económica é causa xustificadora de declaración de urxencia na tramitación de contratos.

A Comisión Europea comunica os acordos adoptados en reunión do 12 de decembro do Consello da Unión Europea, no sentido que a situación de crise económica pode considerarse causa de declaración de urxencia na tramitación dos proxectos de obras públicas de especial significación dous exercicios 2009 e 2010, coa redución de prazos no período licitatorio prevista nas directivas. A decisión refírese especialmente ao procedemento restrinxido que quedaría reducido de 87 a 30 días.

Pódese acceder ás conclusións da sesión do Consello en

Web: [ACORDO CE 12/12/08](#)

Publicase no DOUE a lista modificada de poderes adjudicadores

A Comisión Europea en decisión do 9 de decembro de 2008 modificou as listas de entidades adjudicadoras e poderes adjudicadores que figuran nos anexos das directivas 2004/17 e 2004/18.

Web: [Nova lista de poderes adjudicadores](#)

O Parlamento Europeo aproba unha directiva que regulará os contratos públicos militares

Os Estados membros terán dous anos para aplicar a normativa, que tamén afecta a contratos non militares, como os relacionados coa policía ou a xestión de fronteiras. As normas de subcontratación facilitarán o acceso das PYME ao mercado da defensa.

OUTROS DIARIOS E BOLETINS OFICIAIS

VALENCIA: Regulación en materia de contratación pública da Generalitat valenciana. A Lei 16/2008, do 22 de decembro, de Medidas Fiscais, de Xestión Administrativa e Financeira, e de Organización da Generalitat, no seu capítulo IX refírese á regulación da introdución de cláusulas de prezo aprazado en determinados contratos. Así mesmo, na disposición derogatoria refírese á regulación que dos contratos menores administrativos efectuaba a Lei 8/1995, do 29 de decembro. <http://www.boe.es/boe/dias/2009/01/31/pdfs/BOE-A-2009-1603.pdf>

A Lei 17/2008, de 29 de decembro, de Presupostos da Generalitat para o exercicio 2009 inclúe a Disposición adicional décima que trata "Dos informes en materia de pagamento aprazado do prezo nos contratos da Administración do Consell e do seu sector público". A Disposición adicional Décima trata "Da autorización de determinados contratos das empresas da Generalitat", finalmente destacar a Disposición adicional décima das "encomendas". <http://www.boe.es/boe/dias/2009/01/31/pdfs/BOE-A-2009-1604.pdf>

ARAGON: Decreto 246/2008, do 23 de decembro, do Goberno de Aragón, polo que adaptan determinados procedementos en aplicación do Decreto Lei 1/2008, do 30 de outubro, do Goberno de Aragón, de medidas administrativas urxentes para facilitar a actividade económica na Comunidade. Procédese á revisión da súa normativa reguladora sobre o Rexistro de licitadores, flexibilizando o procedemento establecido para facilitar a concorrencia de licitadores e axilizar a tramitación dos expedientes de contratación administrativa mediante a inscrición voluntaria das persoas físicas ou xurídicas que acrediten o cumprimento dos requisitos para contratar sinalados na Lei de Contratos do Sector Público. <http://benasque.aragob.es:443/cgi-bin/BOAE/BRSCG?CMD=VERDOC&BASE=BOLE&PIECE=BOLE&DOCR=1&SEC=FIRMA&RNG=200&SEPARADOR=&&PUBL=20081229>

CASTILLA LA MANCHA: Orden de 18-12-2008, da Vicepresidencia e Consejería de Economía y Hacienda, sobre comprobación material de inversións. http://docm.jccm.es/pls/dial/dial_detalle_detalle_inicio?carpeta=191178
Resolución de 19-12-2008, da Intervención General, pola que se aproba o procedemento e o modelo normalizado de solicitude telemática de designación de representante da intervención xeneral para os actos de comprobación material de inversións. http://docm.jccm.es/pls/dial/dial_detalle_detalle_inicio?carpeta=191179